# Un centenar de coches piden en caravana a retirada do Vial que afecta a 37 viviendas.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Domingo, 22 Setembro 2013 16:46

Un centenar de coches pediron onte en caravana a retirada do vial trazado no plan xeral de urbanismo.

A caravana partiu dende o Torreiro de Priegue pasadas ás 17horas, e finalizou duas horas máis tarde diante do Concello.

Centos de coches ocuparon onte un treito de 1,5 km  en caravana para facer visible a súa protesta e o seu malestar pola decisión do concello de trazar un vial de alta capacidade que afecta a 37 familias segundo os datos da plataforma.

Afectados e veciños fixeron o percorrido de protesta dende Priegue, pasando por unhas concorridas praias de Patos, Madorra, Panxón e Praia América onde os viandante miraban desconcertados o balbordo da caravana. Os manifestantes aproveitaron a marcha para repartir información sobre os motivos da protesta.

A marcha continuou até Ramallosa e Maión para rematar diante do concello onde as familias deron lectura a un manifesto.

Os veciños esixiron novamente onte a procura de alternativas a este trazado enfocadas ao aproveitamente das infraestruturas existentes, a liberalización da peaxe da AG57 para convertila nunha auténtica vía de circunvlación que vertebre as comunicacións do Val Miñor e das conexións coa área metropolitana. Así mesmo pediron a mellora do transporte público actual .

**A marcha atrás de Valverde.**

Os afectados mafestaron sentirse cautos ante a noticia da previsible retirada do vial do actual PXOM en trámite. *"mantémonos cautos e non aceptaremos ningún compromiso político que non estea reflexado nun documento oficial.  Non cesaremos a nosa protesta até que o vial sexa eliminado do PXOM e de calquera plan supramunicipal."*

*"A pesar de que o alcalde informou en numerosas ocasións de que se trataba dunha imposición da Xunta de Galicia, o certo é que a nivel autonómico non existe ningún documento que obrigue a incluílo no PXOM polo que o goberno municipal é o único responsable desta decisión someténdose ós desexos do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras. O propio Alberto Valverde, cando estaba na oposición criticou duramente este vial e mesmo presentou alegacións contra o mesmo."* sinalanan.

*"Que o alcalde quera retiralo agora e teña dúbidas do trazado, non ven máis que a demostrar que a decisión de incluílo foi única e exclusivamente do goberno local e que nas súas mans estivo sempre o evitar este drama social"*  *Manifestan que a* marcha atrás do rexedor, pon de manifesto a falta de seguridade e a improvisación que existe respecto do trazado. "S
*e este vial é tan maravilloso como dice, e non expropia ningunha casa como é que antonte o rexeitaba, onte o defendía e agora o elimina?".*

**O alcalde de Nigrán fala de "fracaso", e os veciños critican o menosprecio ás familias afectadas.**

O alcalde de Nigrán declarou onte ao Faro de Vigo como un "fracaso de convocatoria" e segue insistindo na estratexia de instrumentalizar políticamente a protesta cidadá, algo que xa foi respondido en varias ocasións dende a plataforma dos afectados.

Os veciños responden que o alcalde *"sigue menospreciando y subestimamdo a las familias. Ayer éramos un centenar de coches, pero aunque fuéramos tres, el problema está ahí y tiene obligación de mantener un respeto a las familias. Esto no es una broma. Pretende manipular a este colectivo con su cambalache político, que ni nos va ni nos viene, pero sigue siendo*

*incapaz a día de hoy de defender sus propias decisiones y sus propios compromisos con los ciudadanos. Aún no ha aportado ni un solo dato técnico, objetivo y riguroso que justifique este vial. No es serio."*

**Pleno extraordinario**

Ainda que o goberno muncipal garda silencio respecto da data da convocatoria do pleno extraordinario onde se vai tratar este tema, os veciños convidaron onte a sistir o próximo xoves pola mañá, xa que con toda seguridade será convocado 48 horas antes, como atoneceu co pleno extraordinario de aprobación do PXOM.

**Recolla de sinaturas.**

Os veciños seguen recollendo sinaturas en papel e recabando apoios na plataforma Change.org

{youtube}bC-luCnldl0{/youtube}